XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MAR

GALEGO			
TITULACIÓN	**EXAME TEÓRICO DE PATRÓN /PATROA DE NAVEGACIÓN BÁSICA (PNB)**		
LUGAR DO EXAME		FECHA	**23/11/2026**
NOME			
APELIDOS			
DNI / NIE / PASAPORTE			

DURACIÓN MÁXIMA EXAME DO MÓDULO COMPLEMENTARIO	**45 MINUTOS**

Normativa segundo:
Real Decreto 875/2014, do 10 de Outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo.
Resolución en vigor da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames extraordinarios ou ordinarios teóricos para a obtención das titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de recreo na Comunidade Autónoma de Galicia.
Temario de balizamento en base ao (IALA-MBS 2010)
Observacións: Más dunha resposta anula a pregunta e deben estar claramente sinalizadas na folla de respostas cunha X.
Exemplo a ☒ b☐ c☐ d☐

MÓDULO PNB

UT 1: NOMENCLATURA NÁUTICA.

1. **Que significa adrizar unha embarcación?**

a) Inclinala cara a unha banda.
b) Recuperar a súa posición vertical.
c) Aumentar a súa velocidade.
d) Cambiar de rumbo.

2. **Como se denomina a parte de onde vén o vento?**

a) Sotavento.
b) Proa.
c) Barlovento.
d) Popa.

3. **Que se entende por desprazamento máximo nunha embarcación de recreo?**

a) A velocidade máxima que pode alcanzar.
b) O peso máximo da carga transportada.
c) O peso total da embarcación completamente cargada segundo as condicións de deseño.
d) O volume interior da embarcación.

4. **Que indica o asento dunha embarcación?**

a) A súa inclinación transversal.
b) O seu desprazamento máximo.
c) A súa capacidade de carga.
d) A diferenza entre o calado de popa e o de proa.

UT 2: ELEMENTOS DE AMARRE E FONDEO.

5.**Que é o círculo de borneo dunha embarcación fondeada?**

a) A zona que ocupa a áncora sobre o fondo.
b) O raio de acción do molinete.
c) A distancia percorrida durante a manobra de fondeo.
d) A área descrita pola embarcación ao xirar arredor da áncora por efecto do vento ou da corrente.

6.**Que se entende por garreo?**

a) A recuperación da áncora durante a virada.
b) A rotura da cadea da áncora.
c) O xiro da embarcación sobre si mesma.
d) O desprazamento involuntario da áncora sobre o fondo sen facer firme.

UT 3: SEGURIDADE.

7**. Que efecto poden ter as treboadas eléctricas sobre a agulla magnética?**

a) Aumentar a velocidade da embarcación.
b) Mellorar a precisión da derrota.
c) Reducir o consumo de combustible.
d) Alterar temporalmente as súas indicacións debido a campos magnéticos.

8. **Cal é unha medida axeitada de protección durante unha treboada eléctrica?**

a) Permanecer preto dos elementos metálicos da embarcación.
b) Ignorar a evolución da treboada.
c) Manterse informado e evitar contactos innecesarios con elementos condutores.
d) Aumentar a velocidade para atravesala.

9. **En condicións de néboa ou baixa visibilidade, que precaución é fundamental?**

a) Navegar á máxima velocidade posible.
b) Manter unha vixilancia reforzada.
c) Apagar os equipos electrónicos.
d) Navegar unicamente seguindo a costa.

10.**Cal é a función principal dun reflector radar?**

a) Facilitar que outras embarcacións detecten o noso barco nos seus radares.
b) Emitir sinais de radio.
c) Medir a profundidade da auga.
d) Indicar a dirección do vento.

UT 4: LEXISLACIÓN.

11.-**La bandera de la Comunidad Autónoma:**

a) Substitúe a bandeira nacional.
b) É obrigatoria en todas as embarcacións.
c) Só pode utilizarse no porto.
d) Pode utilizarse como complemento, sen substituír a nacional.

12.-**Segundo o Convenio SOLAS, existe obrigación de prestar auxilio ás persoas en perigo no mar?**

a) Si, sempre que poida facerse sen grave risco para a propia embarcación.
b) Non, é voluntario.
c) Só se existe recompensa económica.
d) Só para embarcacións profesionais.

UT 5: BALIZAMENTO.

13.- A marca de perigo illado ten como marca de tope:

a) Dúas esferas negras superpostas.
b) Unha esferas negras superpostas.
c) Dúas esferas vermellas superpostas.
d) Unha esferas vermella superpostas.

14.- A marca cardinal Oeste é de cor:

a) É de cor negro sobre amarelo.
b) Amarela cunha banda ancha horizontal negra.
c) Negra cunha banda ancha horizontal amarela.
d) É de cor amarelo sobre negro.

15.- As marcas laterais de estribor, na zona A. De que cor e ritmo son?

a) Verdes, ritmo, grupos de (2+1) destelo.
b) Verdes .e ritmo calquera menos grupos de (2+1)destelo.
c) Vermellas, e ritmo, grupos de polo menos grupos de (2+1) destelo.
d) Vermellas, e ritmo, grupos de polo menos grupos de (3+1) destelo.

16.- Unha marca esférica, pintada a franxas verticais vermellas e brancas, significa:

a) augas navegables
b) bifurcación del canle
c) marca especial
d) perigo illado

17.- Si vemos unha boia pintada con los colores negro sobre amarelo, se trata:

a) Marca especial.
b) Cardinal Sur.
c) Bifurcación de canle, ca canle principal a babor.
d) Cardinal Norte.

UT 6: REGULAMENTO INTERNACIONAL PARA PREVIR ABORDAXES NA MAR (RIPA). //

18.- Unha «pitada longa» ten unha duración aproximada de:

a) 1 segundo.
b) 2 segundos.
c) 3 segundos.
d) 4 a 6 segundos.

19.- Que equipo debe levar obrigatoriamente un buque de eslora igual ou superior a 12 metros?

a) Un gong.
b) Unha campá.
c) Un pito.
d) Dúas campás.

20.-Nun paso ou canle angosto, para indicar a intención de alcanzar pola banda de estribor emitirase:

a) Unha longa e unha curta.
b) Dúas longas e unha curta.
c) Dúas longas e dúas curtas.
d) Unha longa e dúas curtas.

21. O sinal fumígena de socorro debe producir unha fumareda:

a) Branca e lixeira.
b) Negra e espesa.
c) Laranxa e densa.
d) Amarela e tenue.

22. As embarcacións de vela de noite exhibirán:

a) Só as luces de tope.
b) Só as luces de alcance.
c) Luces de costado e alcance. .
d) Luces de costado, tope e alcance.

23. De día, avistamos un buque que exhibe unha esfera negra a proa. Cal é o seu significado?

a) Que está sen goberno.
b) Que está fondeado.
c) Que está a remolcando.
d) Que está a pescando.

24. Avistamos un buque que nos mostra en liña vertical, las seguintes marcas negras: La máis elevada e la máis baixa destas marcas serán bólas e la marca central será bicónica. Trátase dun:

a) Buque sen goberno.
b) Buque restrinxido polo seu calado.
c) Buque varado.
d) Buque con capacidade de manobra restrinxida.

25.Se de noite vemos un buque que exhibe unha luz vermella todo horizonte sobre outra verde todo horizonte, luces de costado e luz de alcance tratase de:

a) Un buque sen goberno.
b) Un buque restrinxido polo seu calado.
c) Un pesqueiro de arrastre calando o arte.
d) Un buque de vela exhibindo as luces optativas.

26. Un buque sen goberno, de día, mostrará:

a) Dous conos negros en vertical unidos polo vértice.
b) Dous cilindros negros en vertical.
c) Dous conos negros en vertical, unidos pola base.
d) Dous bolas negras en liña vertical.

27. Que marca debe exhibir unha embarcación navegando a vela e motor simultaneamente?

a) Dúas bólas negras.
b) Un cono co vértice cara arriba.
c) Un cono co vértice cara abaixo.
d) Unha bóla negra.